

# CEDOFEITA



# Os nenos da guerra de Bueu (Дети войны Буэу)

Arturo Sánchez Cidrás

*Na memoria de Emiliana e Carmen  
Rosales Villanueva e da familia  
Rey-Pereira*

## I – José e Antonio Rey Pereira

O destino, e a busca dunha vida mellor, fixo que nos anos trinta do século pasado bastantes familias da Ría de Pontevedra vencelladas sobre todo ao mar, estivesen asentadas en portos do Cantábrico.

De todas estas familias acoutaremos a mirada no concello de Bueu, que nos servirá de mostra do acontecido nesas datas tan aciagas da historia con algúns dos seus fillos.

A partir do mes de marzo de 1964 emitíuse na Televisión Española o programa: “Reina por un día” cos presentadores José Luís Barcelona e Mario Cabré. A súa finalidade era facer posibles os soños das mulleres elixidas, que previamente mandaran un escrito a TVE explicando os seus desexos: viaxar, regalos, atoparse con algún familiar, etc. Sería a raíz do éxito deste programa cando Josefa Pereira Ogando por influencia da, naquel momento, parteira de Bueu, M<sup>a</sup> Eugenia Bolívar, decide enviarlle<sup>1</sup> ao programa a historia dos seus fillos aos que 28 anos atrás evacuaran para Rusia. O seu soño era volver a velos. Grazas a iso, e aínda que non foi elixida ‘raíña’, chegaronos algunhas notas polas que coñecemos un pouco máis da historia desta familia.



Escola de Xixón antes da evacuación 1937. No centro o mestre Pablo Mija

O sábado, 27 de xaneiro de 1923, Josefa Pereira Ogando<sup>2</sup>, contrae matrimonio con Manuel Rey Curra<sup>3</sup>, mariñeiro de profesión e pai do seu fillo Manuel que nesas datas tiña 2 anos.

Para manter a familia, Manuel vai de cando en vez nunha lancha do xeito<sup>4</sup> pois son anos difíciles en xeral no país, pero especialmente duros no mundo da pesca. As dificultades medran ao mesmo ritmo que aumenta a familia. En 1933 xa eran catro criaturas: Manuel, Laura, José e Antonio polo que, ante expectativas máis prometedoras en canto á calidade do traballo e melloras económicas, deciden<sup>5</sup> mudarse a vivir a Xixón.

Nos primeiros tempos de estancia no porto asturiano, Manuel atopou traballo nun barco do Gran Sol e parecía que todo cambiaba a mellor. Mais, como di o refrán ‘Na casa do pobre, pouco dura a alegría’, nesa cidade sorpréndeos o inicio da Guerra Civil

co nacemento dunha nova filla, Josefa<sup>6</sup>, “en medio de mil perigos e traxedias”<sup>7</sup>.



Josefa Pereira Ogando

O xoves 23 de setembro de 1937 os irmáns José<sup>8</sup> e Antonio, de 8 e 6 anos, saen da casa cara a escola como un día calquera máis. Ninguén da familia podía prever que ese sería o último día que mirarían a José e que pasarían case 30 anos para volver a estar con Antonio. O motivo foi que, ante o avance das tropas de Franco e a posible caída das cidades asturianas<sup>9</sup> en mans destas, as

2 Filla de José Pereira e Manuela Ogando Franco.

3 Fillo de José Rey Riobó e Ramona Curra Villar. Era o maior de 11 irmáns.

4 Lancha utilizada tradicionalmente para este tipo de arte de pesca. Simplificando diríamos que o xeito é unha ‘arte de enmalle de deriva’ que consiste nunha longa rede rectangular que se estende e se deixa durante horas para que o peixe, como a sardiña, que se despraza malle nela.

5 Axudaron tamén as desavinzas entre Josefa e os seus pais.

6 Cando moza profesou de monxa nun convento en Lisboa. Dicur que tiña familia en Amiais Baixo (concello de Santarém, Portugal), freguesía da que era oriúndo seu avó materno, José Pereira. Este casou en Bueu onde viñera a traballar de serrador.

7 Palabras de Josefa Pereira Ogando.

8 Na documentación rusa aparece co nome de Aquilino Rey Pereira.

9 O que sería realidade uns días despois.

1 Oito de setembro de 1965, M<sup>a</sup> Eugenia Bolívar Sequeiros, no seu papel de Presidenta local do Sección Feminina de FET de las JONS, xogou un papel moi importante tutelando, avalando e ata dirixíndose directamente ás institucións (Cruz Vermella, Embaixadas, Ministerios, etc.) para atopar, pór en contacto e facilitar ... a algunha das persoas e das cousas que aquí imos tratar.



Deriguerina (El Musel 23 9 1937)

autoridades da República<sup>10</sup> arranxaran con países como Unión Soviética, Inglaterra, Francia, Bélxica, México, etc. a evacuación de menores de idade para "evitarlles os rigores da guerra" coa crenza xeneralizada de que sería algo temporal, como moito uns meses ata que se resolvera o conflito que a causaba.

Aínda que prevista dende había tempo, por mor dos acontecementos, a evacuación foi rápida e desorganizada. Dende os mesmos centros escolares, punto de encontro e recollida de persoal exiliar, algo máis de mil nenos foron acompañados polos seus mestres<sup>11</sup> e educadores ata o cargueiro francés 'Deriguerina' atracado no porto de 'El Musel' (Xixón) que os levaría,

aproveitando a escuridade da noite, nun primeiro momento ao porto francés de Saint-Nazaire<sup>12</sup> onde, pouco despois, foron reembarcados no ruso 'Cooperación' (СОТРУДНИЧЕСТВО) e neste ao Reino Unido para repartir a pasaxe co barco "Félix Dzerzinski" ("Феликс ДЗЕРЖИНСКИЙ") e partir ambos con rumbo definitivo para a cidade rusa de Leningrado (Ленинград)<sup>13</sup> onde foron acollidos con grande agarimo.

Axudou, e moito, que a opinión pública internacional tiña posto a mirada neles cun sentimento de solidariedade e de pena amplificado pola idade dos protagonistas. Se a iso lle xuntamos outros factores, como a imaxe que algúns dos países acolledores (como Rusia) querían dar do seu sistema político, o papel do goberno republicano español, etc. fixo destes nenos uns 'privilexiados'

<sup>10</sup> Concretamente, o departamento que xestionou as catro masivas evacuacións (Valencia, Santurce, Xixón e Barcelona) entre 1937 e 1938 fora o Ministerio de Instrución Pública da República, asesorado e axudado polo Socorro Rojo Internacional. Cabe remarcar que o goberno da República creou varios organismos encargados explicitamente das evacuacións dos menores como a OCEAR (Oficina Central de Evacuación y Asistencia a Refugiados) e a Dirección General de Evacuación y Refugiados.

<sup>11</sup> O xefe e responsable do transporte-expedición dos nenos foi o reputado mestre chamado Pablo Miñja.

<sup>12</sup> Aínda que tiñan programado atracar en Burdeos, ante o fustramento do cruceiro 'Almirante Cervera', tiveron que cambiar de rumbo cara o norte, recalando en Saint-Nazaire o día 24 ás 6 da tarde.

<sup>13</sup> A pesar que o nome actual da cidade é actual San Petersburgo (Санкт-Петербург) ao longo do artigo utilizarei o de Leningrado por ser o máis utilizado polos "nenos" tanto na escrita como nas entrevistas orais.


no persoal, afectivo e educativo con respecto aos nenos do país de acollida.

A pesar das atencións e considerado trato recibidos, as dúas semanas de travesía ata chegar, 4 de outubro, ao porto de Leningrado converteron a viaxe nun verdadeiro calvario para todos e, sobre todo para os máis pequenos, xa que ás incomodidades propias da navegación, os mareos coas conseguíntes golsadas, etc. houbo que engadirlle a ausencia da familia, o amoreamento, a escaseza de alimentos, etc.

Paralelo a esa desgraza de nenos levados a un exilio forzoso<sup>14</sup> e afastado dos seus seres queridos temos ao dos pais e familiares nos que se deron as dúas caras dunha mesma moeda de dor, por unha banda dando o seu consentimento para protexelos e pola outra descoñecendo o momento da partida e así poder exercer a posibilidade de evitala.

Cando se correu a voz de que estaban a embarcar aos nenos para levarlos a Rusia 'todo' Xixón foi "directamente ao porto onde un grande barco, que nunca esquecerei levounos con outros nenos da vista de tantas nais como nos desesperabamos no peirao sen podelos sequera abrazar por despedida. Creo intentei tirarme ao mar detrás do barco, se non o impedise meu marido suxeitándome e facéndome pensar nos demais fillos<sup>15</sup> que deixaba desamparados".

Pero disque as desgrazas non veñen soas e así segue a narrar que "outro día tamén despedín ao meu marido sen saber que era por última



Casa nº 1 Pravda

<sup>14</sup> Como foi o caso da buevesa Carmen Libertad Rosales Villanueva que a embarcaron no mesmo barco sen o coñecemento e autorización da súa familia.

<sup>15</sup> Laura de 14 anos, Manuel ía cumprir 16 e Josefa recen nada. Os dous maiores "salváronse" porque xa non estaban escolarizados. Laura axudaba a súa nai nos labores da casa e Manuel na procura da busca de traballo.

vez, pois o barco onde el pescaba, tampouco volveu a porto, e dixeron que tivera que refuxiarse no estranxeiro ante as dificultades da guerra, bombardeos por mar, aire e demais perigos". Manuel Rey Curra era un sindicalista moi significativo, pertencente as asociacións mariñeiras. De carácter intransigente puña por diante de todo, incluso da familia, as normas, as ordes e todo o que eran os ideais da República.

A pesar das palabras de Josefa sabemos que abandonou España, nun barco pesqueiro, con outros sindicalistas e dirixentes republicanos cara o porto senegalés de Dakar para posteriormente trasladarse a Costa de Marfil.

Quedou soa e con tres fillos que manter e sen ingreso algún para poder facelo. Cando máis negro estaba a situación acendeuse a luz da esperanza. Luz que emanou dunha "leiteira das montañas de Asturias que me traía o leite para os nenos, e ao mirar a miña situación levoume cos meus fillos á súa casa das montañas e alí me tivo e sostiivo ata que terminou a guerra".

Ao rematar a guerra na zona norte, deuse a casualidade que entre os soldados que fixeron a entrada en Xixón (21 de outubro de 1937) había varios amigos de Josefa Pereira, veciños dos seus pais en Bueu. Ao recoñecela,

e informados por ela das vicisitudes pasadas, axudárona a volver á súa casa<sup>16</sup> en Galicia onde traballando de xornaleira, aínda que con grandes dificultades, puido criar os seus fillos. Traballos e esforzos que segundo ela mesmo relata: "nada representan para min, ao comparalos coa pena da miña alma sempre pendente da sorte descoñecida dos meus fillos desaparecidos. Sempre que viña xente de Rusia era grande a miña esperanza de que chegasen, mais nunca viñan nin noticias do seu paradoiro".

Pero, que foi de José e Antonio Rey? Nada máis chegar a Leningrado, e despois duns días de populares recibimentos, de recoñecementos médicos, de equipamento variado (roupa, calzado, algúns libros, etc.) foron repartidos polas coñecidas como 'Casas infantís para Nenos Españóis' ou simplemente 'Casas de Nenos'<sup>17</sup>. Chegou a haber 16 casas, a maioría na contorna da capital, Moscova. Sería á Casa nº 1 ou colonia de Pravda (Правда)<sup>18</sup>, nunha aldea chamada Tíshkovo a 10 km da capital, ata onde foron trasladados os imáns

16 No lugar de A Cvidade-Bueu.

17 maila a adxudicación de "Casa" a todos eles aos que estaban en malas condicións físicas por desnutrición, por enfermidades, etc. enviáronos a balnearios, casas de repouso, hospitais, etc. sobre todo na rexión do Mar Negro como Artek, Eupatoria (en Crimea), Odessa, etc.

18 Esta Casa estivo preparándose para acoller nenos dende o 15 de agosto de 1937 e foi inaugurada o 30 setembro dese mesmo ano. O director era ruso: Nicolai Andreevich Panshin.

Rey con outros 435 compañeiros case todos procedentes de Asturias<sup>19</sup>. Nela continuaron en réxime de internado a súa formación académica e humana. Serían os seus profesores e titores españois os encargados de facelo e tanto eles como o material impreso utilizaban o español como lingua vehicular. Co paso do tempo todo isto irían mudando pouco a pouco ata quedar substituídos por persoal e idioma ruso.



José Rey e familia (Nina e Alejandro)

Coa invasión alemá na Segunda Guerra Mundial, trocou de forma drástica a vida do pobo ruso e dos nenos acollidos por este. Cando se puido, evacuáronos a lugares considerados seguros do Leste e Sueste: Urais, Asia Central, Cáucaso, etc. A un grupo de 300 nenos aloxáronos na rexión de Sarátov (Саратов) repartíndoos polas aldeas e pobos da contorna desta cidade<sup>20</sup>. Aos nenos da casa nº 1, a dos imáns Rey Pereira, correspondeulles á aldea de Privolzhskii (distrito de Privolzhskii) e na de Kukkus (nelas estarían ata finais do verán de 1944).

Este territorio era coñecido como a República Alemá do Volga na que, ata esas mesmas datas, habitaba unha florecente comunidade descendente de alemáns<sup>21</sup> e que poucos días antes foran


19 Con eles estaban tamén un grupo de 5 imáns descendentes de galegos ferroláns: Emilio, Filomena, José, Amor e Fermín Gómez Expósito Rodríguez da Pena, que tamén acabarían retomando a España.

20 Logo dividíronos en grupos de traballo para recoller a colleita que aínda quedaban nos campos.

21 Zona cedida polos emperadores rusos á inmigrantes alemáns nos s. XVIII e XIX.



1939 Nenos de 8 anos en Pravda. (Entre os que está Antonio Rey)



Antonio Rey Pereira

desterrados, case un millón de persoas, a campos de traballo forzado da Siberia e outras zonas do norte e sueste ruso. Para os nenos foi unha experiencia inesquecible pois se nun principio se atoparon cunha zona rica e coidada<sup>22</sup>, pronto a fame, o frío, os medos, as enfermidades, as mortes, etc. cicelaron nas súas carnes e no seu espírito o carácter estoico dos superviventes pero tamén unha semente de 'inadaptación' que no futuro serviu de lastre a moitos para reintegrarse á vida do seu país.

Previo ao remate da Grande Guerra, aqueles que puideron facelo volveron aos seus lugares de acollida anteriores. José e Antonio así o fixeron ao Óblast<sup>23</sup> de Moscova, no setembro 1944, pero a Liublinó e non sen antes pasar unha pequena tempada na casa Kuybyshev<sup>24</sup>, actual Samara (CaMapa). José no 1945, con dificultades académicas, sae do paraugas que supuña a Casa e é matriculado no Centro de Estudos Artesanais de Zapatería. Acaba traballando e casándose preto de Moscova. No 1955 sufriu un desgraciado accidente

no que morreu afogado no río Kimrka (Кимрка) onde conflúe co Volga na cidade de Kimry (Кимры) a uns 130 km de Moscova.

Antonio seguiu estudando na Casa nº 1 para logo decantarse por unha formación técnica e así prepararse para unha vida laboral algo máis cualificada. Pero os anos que seguiron ao final da Gran Guerra Patria foron anos difíciles tamén que o levaron a traballar como chofer na fábrica de produtos químicos de Schólkovo.


Posteriormente estivo durante un tempo detido<sup>25</sup> e cando foi liberado marchou traballar como chofer no suroeste de Rusia, en Krasnodar («Краснодар»)<sup>26</sup> e, co paso dos anos, instalouse como mecánico agrícola e de coches. Coñeceu a Nina, que traballaba de oficinista, coa que se casou un luns, 9 de xaneiro de 1961.

Despois da morte de Stalin en 1953, comezouse a notar unha relaxación no práctico veto ao regreso a España, temporal ou definitivo, dos "Nenos de Rusia" ou dos militares exiliados nese país, que así o querían. Tras o movemento nese sentido de institucións internacionais, como Cruz Vermella Internacional, ou a ONU, e a actitude receptiva que España manifestou a partir de 1955, ano no que foi admitida nese organismo, permitiron un achegamento ás autoridades rusas para tratar este tema.

Froito disto foron as primeiras quendas masivas para regresar a


25 Bastantes dos españois en Rusia foron detidos e ata confinados en campos de concentración durante anos. Os motivos foron múltiples ter unha actitude crítica ante a súa situación, indisciplina, roubos, etc. aínda que bastantes o foron, e ata con penas severas, por manifestar de forma reiterada a súa intención de retomar a España ou cando menos abandonar a URSS.

26 Krasnodar, cidade na que tamén se atopaban traballando outros españois como a "nena de guerra", Luisa Rodríguez, profesora de secundaria; ou Federico Doval, natural dunha aldea de Vilagarzía de Arousa, que chegara a Rusia formando parte da División Azul e que, tras ser colido prisioneiro polos rusos e pasou anos en campos de concentración. Cando foi liberado pasou a traballar nesta cidade.



Antonio e Nina Rey na entrevista de Delmi Álvarez en Krasnodar (2005)

España entre o 1956 e 1957. A pesar de todo non foi doado para moitos o decidirse a rachar, unha vez máis, cunha vida e cunha terra e, en moitos casos, cunha familia que xa era a súa.



Antonio Rey Pereira 1967

No 1965, a nai<sup>27</sup> de José e Antonio recoñece ter noticias dos seus fillos "aínda que pasando pola pena de saber o pasamento de José que me din morreu de accidente, xa casado deixando viúva e un fillo, que é outra grande pena non poder coñecer". Tamén por esas mesmas datas sabe que Antonio está casado e cun fillo<sup>28</sup>. E que, por fin, logrou comunicarse con el e escribíense cartas regularmente. Na primeira das cartas, el fíxolle saber que "cría que a súa familia morrera na guerra de España e ao decatarse hoxe

27 Vivía na casa cunha neta, Carmen. Manuel estaba casado e non vivía con ela, Laura emigrara a Arxentina, onde casou, e Josefa seguía de monxa en Portugal.

28 Logo outra máis chamada Gala, esta tería a Marina que, a súa vez lle daría bisnetos a Antonio e Nina.

de que tiña nai, está tan ansioso coma min de poder reunimos e vivir xuntos despois de tanta separación”.

Pero ese anhelado retorno-reencuentro tivo que esperar uns anos máis. Non sería ata 1968 cando veu Antonio Rey por primeira vez a España. Trinta e un ano de ausencia forzada son moitos anos, e máis se foron acrisolados pola dor e o baleiro. Bueu estaba esvaeado na memoria; a excepción era o mar da ría que “lembraba con moita nostalxia”<sup>29</sup>. Curiosamente o idioma galego tamén estaba presente: “*Son galego e entendo o galego*” manifestou cando un xornalista contactou con el telefonicamente. A primeira aperta a súa nai sería no outono de 1968. Foi unha mestura de desexos e unha barreira de estrañeza que o tempo na distancia teceu no corazón do fillo. Choque emocional e sentimentos apuntados moitas veces nas entrevistas e documentais nos que os protagonistas era os antigos “Nenos” agora retornados.

A Bueu chegou cun permiso dun mes polo que retornou a Rusia en decembro dese mesmo ano onde tiña muller, fillo e traballo. Tamén o fixo porque aquí case todo lle era alleo. O que durante tanto tempo idealizara chocaba coa realidade e miserias dun pobo, e dunha Galicia, que seguía a exportar man de obra. Volveu a principios de 1971 e marchou de novo no mes de maio. E así pódese contabilizar que estivo ata cinco veces en España entre 1968 e 1980, que sería a última.

A súa nai Josefa morrería o xoves, 23 de febreiro de 1984. A partir dese momento nada, ou case nada, o ligaba xa a Bueu. Como el mesmo reconece “*Alí aínda teño algunha familia, pero non manteño contacto*”.



Emiliano Rosales e Carmen Villanueva

O 10 decembro de 1993 Antonio Rey Pereira<sup>30</sup> tivo unha cita ante o encargado do Rexistro Civil Consular de Moscova para asinar a renuncia á nacionalidade rusa<sup>31</sup> e retomar a española<sup>32</sup>.

Fai 89 anos que un rapaz chamado Antonio nacera no lugar de Xexide-Bueu e que tivo a desgraza, con outros miles de nenos, de pasar unha “*vida terrible, moi dura*” nun país que o acolleu pero que o fixo seu demasiado tempo<sup>33</sup>.

Nota: Quixese deixar constancia do excepcional traballo que da emigración galega está a facer o foto-xornalista Delmi Álvarez. Ao longo de décadas e de todos os continentes está a recoller e dar a coñecer, con exposicións, libros, documentais, charlas, etc., o espírito do pobo galego alén da nosa terra. No 2006 Delmi Álvarez protagonizou un fermoso documental (“*A última fotografía*”, dirixida por Andrés Mahía para a TVG) na cidade de Krasnodar, onde entrevistaba ao vilagarcián Federico Doval, ex-soldado da División Azul, e ao bueués Antonio Rey Pereira, que fora “Neno da Guerra” e protagonista da máis grande parte deste artigo.

30 Para os poucos de Bueu que se lembraban del, coñéceno como “O ruso” ou “O asturiano”

31 A partir da fin da Guerra Civil Española o goberno soviético chegou a facilitar oficialmente a nacionalidade rusa aos nenos maiores de 16 anos coa escusa de evitar que a España franquista puidese reclamálos.

32 Requisito para acceder ás axudas que a este colectivo concedía o estado español.

33 Dos “Nenos da Guerra”, Antonio foi o último galego vivo na “Rusia” do século XXI.

## II – Carmen Libertad Rosales Villanueva

Outra familia de Bueu, a Rosales-Villanueva, tivo a desgraza de vivir nas súas carnes a separación dalgúns dos seus membros nesas operacións de evacuación de nenos organizadas polas autoridades da República. Neste caso, para non desentrañar todas as claves<sup>34</sup> da súa historia vou facer un pequenísimo extracto de quen fora unha “Nena da guerra”: Carmen Libertad Rosales Villanueva.

Emiliano Rosales e Carmen Villanueva, pais de Carmen Libertad, chegan ao País Vasco no 1935 para traballar no mundo do mar, primeiro como fogueiro e logo como maquinista en barcos do Gran Sol, polo que se asentaron en Pasaia, despois en Errenteria e finalmente en Bilbo (1936) onde, aos poucos meses os colle o comezo a Guerra Civil Española.

Emiliano, como sindicalista e membro activo do Partido Socialista, púxose a disposición dos grupos Milicianos de Euskadi. Cando a actividade militar estase acercando ao País Vasco, implícase cada vez máis e chega a comandar, co grao de capitán, unha compañía de intendencia, logo

34 Grazas ao esforzo recompilador de José Seijas Otero xurdiu do esquecemento a documentación e narración na que se viu involucrada a familia Rosales-Villanueva non só na guerra senón tamén no exilio “*Un drama de la Guerra Civil Española*”, [http://bueu.esy.es/Documentos/Autoresbueu/Seijas\\_Jose/Drama.pdf](http://bueu.esy.es/Documentos/Autoresbueu/Seijas_Jose/Drama.pdf), hoxe novelada polo profesor e escritor Gabriel Pérez Gómez.

29 No artigo “*La infancia que partió la guerra*” onde tamén citan unha entrevista telefónica con Antonio publicada no xornal *La Voz de Galicia* o 22 de febreiro de 2005.



Rusia: Amigas de Carmen Libertad

outra no Batallón Amantegui e por último no Batallón Baracaldo no que, segundo se cre, nun dos bombardeos un artefacto explosivo impactoulle e morreu sen deixar rastro algún.

A súa muller, cos tres fillos, é evacuada polas autoridades da república, primeiro de Bilbo e logo de localidades cántabras.

Estando en Torrelavega (Cantabria) consegue un pequeno traballo mentres as dúas fillas maiores, Carmen e Emiliana, van a unha gardería.

Unha mañá, as autoridades republicanas ante a previsión de inminentes bombardeos por parte das tropas de Franco, sacaron os nenos da gardería para entregalos ás súas familias; e aqueles que eran orfos ou que non estaban os seus pais para recollelos decidiron, sen previo aviso, evacualos con outros que tiñan destino nun país estranxeiro<sup>35</sup>.

Ese mesmo día, ao saír do traballo, foi Carmen Villanueva a buscar as súas fillas á gardería e atopouna valeira. Tras moito preguntar pola zona, dixerónlle que foran evacuadas pero non a onde nin en que. Desesperada buscou nas vilas e aldeas do arredor, por Santander, etc. Acudiu a todas as instancias do goberno Vasco e da provincia de Santander, solicitando información das nenas e do seu marido.

35 *Había varios barcos con esa misión no porto de Santander pero non se amiscaron neses días polo control da costa que estaban a facer o cruceiro «Almirante Cervera», aviación, etc.*

Ninguén sabía nada delas nin do pai a causa das dificultades organizativas consecuencia da actividade bélica en zonas xa próximas á cidade de Santander.

Poucos días despois, e dado que era considerada viúva dun oficial, decidiron facilitarlle a evacuación nun barco que, á desesperada, saía de Santander. Foron transportados a un porto francés e posteriormente recluídos nun 'centro de refuxiados', que máis ben eran "campos de concentración" autoxestionados. A ela e ao seu fillo, como a outros moitos, leváronos preto da fronteira catalá, ao Campo de Argelès-Sur-Mer<sup>36</sup>, do que ao ano e medio decide escapar e pasar a territorio español, aínda en mans da República, concretamente a Sta. Coloma de Farnès.

Seguía sen saber do paradiro das súas fillas nin do seu marido polo que se puxo en contacto co Socorro Rojo de Euskadi que só lle puido confirmar que Carmen Libertad estaba en Rusia, en boas condicións e ben atendida; pero da outra nena, Emiliana, nada se sabía, pois nos listados daquel país nada aparecía<sup>37</sup>. Co tempo soubo o que ocorrera coas súas fillas, o por que da súa separación, cal fora o destino de cada unha, etc.

No caso de Carmen Libertad, que cando tiña 8 anos de idade "desaparecera" da gardería, soubo que, por non dar atopado a ninguén da familia e por seguridade, leváranla con outros moitos

36 *Situado no departamento de Pirineos Orientais, na rexión do Languedoc-Rosellón e a uns 30 km da fronteira española.*

37 *O azar, sorte, destino... fixo que entre as tropas de Franco que tomaron Sta. Coloma de Farnès (4-2-1939), lugar onde vivía Carme e o seu fillo, estiveran uns veciños que ao recoñecela axudárona para volver a Bueu (unha vez máis vemos a coincidencia e solidariedade). Iniciado o retomo á casa quixo pasar antes por distintas localidades do País Vasco e Cantabria para informarse do paradiro do seu marido e da súa filla Emiliana. Tras comezar múltiples pescudas por Torrelavega e contoma e despois de rocambolescas coincidencias, a busca da filla Emiliana dou resultados positivos localizándoa cunha familia dun coronel que a recollera na súa casa logo de ser atopada perdida nun monte despois duns bombardeos. Carmen, tres anos despois recuperou de "forma milagrosa" a súa filla e, agora si, volveron a Bueu os tres.*

nenos a Santander. Logo dende alí, polas condicións bélicas do momento, en camións ata Xixón para coller un barco, o *Deriguerina*, que con estes saíra do porto El Musel con destino a Leningrado (23-9-1937). Dende Leningrado, Carmen e algúns dos seus compañeiros, foron levados a unha Casa de repouso situada en Planemaya<sup>38</sup>, nos arredores de Moscova. Co inicio do curso escolar foron repartidos en distintas residencias e ao seu grupo adxudicáronlle a Casa infantil nº 3 no poboado de Ajlebinino, na cidade de Kaluga (Калуга)<sup>39</sup> na que estarían ata 1939.



Carmen Libertad con 15 anos


No curso 1939-40 suprimiron as Casas de Kaluga e de Krasnovidovo (Красновидово)<sup>40</sup>. Na de Kaluga fixeron dous grupos pola idade; a dos pequenos, no que estaba Carmen, estiveron un pouco tempo na Casa de Krasnovidovo, mentres se lles preparou a de Tarasovslyaya. Coa invasión alemá na Segunda Guerra Mundial, todas as Casas con nenos españois que puideron, fuxiron cara o leste. A finais dese ano de 1941 embarcáronos<sup>41</sup> no porto fluvial de Jimki (ХИМКИ) desde o que navegaron polo Volga en dirección a Stalingrado. A colonia de Carmen

38 *Para repoñerse un pouco non só da viaxe senón das secuelas físicas e psicolóxicas que a guerra aciclará nelas.*

39 *No oeste ruso, a cento cincuenta quilómetros de Moscova. A casa dirixíaa o profesor Nikolai Vacilevich Zligoz.*

40 *Era onde estaba asentada a Casa nº 2. Destináronos a unha no mesmo Moscova.*

41 *Casas nº 3 e 12 que logo se xuntaron coa de Kiev (nº 14).*



Carta de Carmen ao primo Gerardo, desde Rusia



1955 Carmen Libertad e o seu tío Manuel

asentouse nos arredores de Leninsk, á beira do río Ajtuvaonde. Foron anos terribles onde o que lles quedou gravado na memoria foi o medo, o frío e a fame. Estiveron nese lugar ata o verán do 1942 en que, tras a contraofensiva a Stalingrado, deciden protexelos da fronte bélica e os transportan en tren ata Samarkanda (Samarqand) na afastada República de Uzbekistán (Asia Central). Lugar onde había moitas nenas españolas doutras colonias. As condicións seguiron a ser deplorables tanto na alimentación coma climáticas, pero polo menos estaban seguras.

Pouco antes do remate da Gran Guerra Patria, e xa con 16 anos, regresan a preto de Moscova e ela comeza a traballar na industria téxtil. Asinada a capitulación alemá en maio de 1945 Carmen decide estudar unha carreira técnica. Faino matriculándose como Mecánico Axustador<sup>42</sup> e para iso desprazase durante un tempo a Leningrado. Meses despois de rematado o curso ponse a traballar primeiro nunha fábrica na cidade de Sarátov e logo na de Schólkovo<sup>43</sup>, aquí de novo como obreira téxtil.

Será a partir de 1946 cando se cree un vínculo de unión coa súa familia en España, a través da correspondencia, grazas aos familiares de Pepita Martínez, amiga de Carmen desde a chegada a Kaluga, e ao seu tío Manuel Villanueva, na mariña mercante Arxentina. No

1955 houbo un encontro de Carmen Libertad e o seu tío Manuel no porto de Leningrado a onde este chegara co barco de bandeira Arxentina.

Tras cambiar a política rusa e española con respecto ao retomo dos 'nenos da guerra' e despois de ser reclamada pola súa familia, Carmen Libertad toma o primeiro barco de repatriados, o «Crimea (Крым)», que saíndo de Odessa<sup>44</sup> chegará o venres 28 de setembro de 1956 ao porto de Valencia con pouco máis de medio millar de españois, algúns coas súas familias rusas. Como curiosidade dicir que con ela viaxou repatriado tamén o bueués José Antonio Mauricio García<sup>45</sup>. Os dous chegaron a Bueu o 3 de outubro de 1956.

Como veu sendo bastante xeneralizado nos retomados a adaptación familiar foi bastante difícil, polo carácter de cada quen, educación recibida ou pola dureza e amarguras da vida no exilio. Carmen non foi unha excepción e sentiuse que non 'encaixaba' coa súa familia nin na súa relación laboral nas oficinas da fábrica de Massó, onde traballou en Bueu; e ata cando casa faino cun matrimonio complicado do que ten dous fillos. Por todo o cal decidiu emigrar a Frankfurt (Alemaña) onde traballou nunha empresa de máquinas de escribir. Cando se xubilou en 1988, máis madura e estable, veu vivir á súa casa en Bueu. Mais poucos anos despois

(2001), o destino quixo que falecera dun infarto fóra da súa terra, no seu piso de Frankfurt<sup>46</sup>.

## Anexo: Outros galegos “Nenos da guerra”

### Da provincia de Pontevedra:

Josefa (Pepita) Martínez Agulla (Cangas-Pontevedra, 1928)

Carmen Martínez Agulla (Cangas-Pontevedra, 1930)

Teófilo Martínez Agulla (Cangas-Pontevedra, 1932)

Nun primeiro momento os tres na Casa nº 5 de Óbninskoye, logo na nº 3 de Kaluga.

### Da Coruña:

Antonio Méndez Fernández (Coruña, 1928).

Na casa de Odessa e na nº 6 (de Moscú)

Juan José Pena Seigido (Coruña, 1928)

Andrés Pena Seigido (Coruña, 1928)

Amparo Pena Seigido (Coruña, 1930)

Darío Pena Seigido (Coruña, 1932). Na casa nº 1 de Pravda

María Pérez Pérez (Coruña, 1926). Na casa nº 15 de Jarkov.

## Bibliografía:

Arquivo Municipal de Bueu. Arquivoiro, Belamino Barreiro Rosales.

Alted Vígil, Alicia; Nicolás Marín, Encarna e González Martell, Roger: «Los niños de la guerra de España en la Unión Soviética. De la evacuación al retomo (1937-1999)» de. Madrid. 1999. Fundación Largo Caballero. Historia Social y del Movimiento Obrero.

Comin Colomer, Eduardo. «La república en el exilio» Edit. AHR, Barcelona, 1957

Encinas Moral, Ángel Luís. «Fuentes históricas para el estudio de la emigración española a la URSS (1936-2007)» <http://www.exterior21.org/publicaciones/FUENTES%20HISTORICAS%20EMIGRACION%20URSS.pdf>

Mamen del Cerro. Documentos RNE - Los niños de Rusia, historia del desarraigo - 20/07/13 [https://mediavod-lvt.rtve.es/resources/TE\\_SRDOCU/mp3/9/7/1350653443879.mp3](https://mediavod-lvt.rtve.es/resources/TE_SRDOCU/mp3/9/7/1350653443879.mp3)

Moreno Izquierdo, Rafael: «Los niños de Rusia. La verdadera historia de una operación retomo». Edic. Crítica. Barcelona 2017

Pamies, Teresa. «Los niños de la guerra» Bruguera, 1977

Young, Glennys: «¿Sujetos peligrosos? Repatriados españoles desde la URSS en la Provincia de Vizcaya, 1956-1963». Cuadernos De Historia Contemporánea, 38, 103-127. <https://doi.org/10.5209/CHCO.54292>

42 En realidade: “Operaria na fabricación de máquinas de escribir”

43 Dáse a coincidencia de que por esas datas tamén traballaba nas fábricas da zona o bueués Antonio Rey.

44 Ás 5 da mañá do sábado 22 de setembro de 1956.

45 Soldado español que formaba parte da tripulación do mercante «Juan Sebastián Elcano» e retido, 1937, en Odessa polas autoridades rusas.

46 Onde estaba para vender o apartamento que alí tiña.